

segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Denominación e código do posto: Secretario/a do director/a xeral. ED.C07.00.000.15770.001

Dependencia: Dirección Xeral de Política Lingüística.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: D.

Nivel: 18.

Corpo ou escala: corpo xeral auxiliar.

Apelidos e nome: Añel Iglesias, Montserrat.

Nº de rexistro persoal: 34.961.167.35.A2059.

Resolución do 20 de decembro de 2002 pola que se resolve provisionalmente o procedemento para cambio de destinos e reingresos a resultas del por profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias para extinguir.

Por Orde do 20 de outubro de 2002 anunciouse o procedemento para cambio de destinos e reingresos a resultas del por profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias para extinguir.

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste procedemento. Na súa virtude esta dirección xeral,

DISPÓN:

Primeiro.-En virtude desta resolución provisional de procedemento para cambio de destinos e reingresos a resultas dos profesores especiais de institutos técnicos de ensinanzas medias para extinguir, adxudicarlles destino provisional ós profesores que figuran no anexo desta resolución, nos centros que alí se especifican.

Segundo.-Contra esta resolución provisional cabe reclamación e renuncias no prazo comprendido entre o 2 e o 13 de xaneiro de 2003, ámbolos dous incluídos. Sen embargo, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2002.

Severino Somoza Gómez

Director xeral de Persoal

ANEXO I

Adxudicación provisional

Apelidos e nome: Guiomar de Salvador González, M^a Rita.

DNI: 3444585234.

Praza adxudicada: Ies O Couto (Ourense)

Puntos: 8,8.

D.pref.: non.

Resolución do 20 de decembro de 2002 pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, para cubriren prazas na Escola de Restauración e Bens Culturais de Pontevedra.

Por Orde do 10 de outubro de 2002 convocouse concurso de traslados específico entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, para cubriren prazas na Escola de Restauración e Bens Culturais de Pontevedra.

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-En virtude desta resolución provisional de concurso de traslados, adxudicarlles destino provisional na Escola de Restauración e Bens Culturais de Pontevedra ós profesores que figuran no anexo desta resolución.

Segundo.-Contra esta resolución provisional cabe reclamación e renuncias no prazo comprendido entre o 2 e o 13 de xaneiro do 2003, ámbolos dous incluídos. Sen embargo, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2002.

Severino Somoza Gómez

Director xeral de Persoal

Adxudicación provisional de prazas da escola de restauración

Apelidos e nome	DNI	Praza adxudicada	Puntos
Lorenzo Sueiro, Adelaida	33212645	Bioloxía/física	177,5
Sobral Iglesias, Antonio	35275275	Historia da arte	171,29
Quinteiro Alonso, José Antonio	33266655	Procedementos artísticos	138,7
Hermo Sánchez, Carmen	35316694	Procedementos artísticos	127,65
Villarquide Jevenois, Ana	32759735	Restauración de obras escultóricas	134,25
Fernández Caamaño, Rosa M ^a	33212573	Restauración e técnicas pictóricas	125,5

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 2 de decembro de 2002 pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso na escala auxiliar desta universidade, convocadas por Resolución do 10 de xuño de 2002 (Diario Oficial de Galicia do 2 de xullo).

Rematado o prazo de reclamacións contra a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso na escala auxiliar

desta universidade, convocadas por Resolución do 10 de xuño de 2002 (DOG do 2 de xullo), este rectorado, en aplicación do previsto na base 4.1º da convocatoria, resolve aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que se fará pública no taboleiro de anuncios do Rectorado (rúa Mes-tranza, s/n) e no vicerrectorado do Campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera, s/n).

De acordo co previsto na base 7.1º convócanse os aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición que dará comezo ás 10 horas do día 18 de xaneiro de 2003 nas facultades de Informática, Dereito e Socioloxía (Campus de Elviña). A distribución dos opositores entre os centros e aulas farase pública cunha antelación mínima de dez días ó inicio das probas nos taboleiros de anuncios do Rectorado, Vicerrectorado do Campus de Ferrol e nos propios centros indicados para a realización deste primeiro exercicio. Os aspirantes deberán acudir provistos do documento nacional de identidade ou documento legal que acredite a súa identidade, lápis de cor negra número dous e goma de borrar.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante este rectorado, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

A Coruña, 2 de decembro de 2002.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

Resolución do 2 de decembro de 2002 pola que se fai pública a designación das comisións encargadas de resolve-los concursos para a provisión de diversas prazas de corpos docentes universitarios convocadas por esta universidade.

En cumprimento do disposto no artigo 6.º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, modificado polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designados o presidente e o vocal secretario por esta universidade e realizados os oportunos sorteos establecidos no artigo 6.6º do mencionado real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Universidades os vocais correspondentes,

Este rectorado fai pública a composición das comisións encargadas de resolve-los concursos para a provisión das prazas de profesorado desta universidade que se relacionan no anexo a esta resolución.

As citadas comisións deberán constituírse nun prazo non superior a catro meses, contados desde a publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución os interesados poderán presentar reclamación perante o rector da universidade no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ó da súa publicación.

A Coruña, 2 de decembro de 2002.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

ANEXO

Praza: profesor titular de escola universitaria.

Área de coñecemento: dereito civil.

Praza nº: 98/082.

Comisión titular:

Presidente: Pena López, José María, catedrático de universidade. Universidade da Coruña.

Secretaria: Blanco González, Aurelia, profesora titular de escola universitaria. Universidade da Coruña.

Vocais:

Suárez González, Carlos, catedrático de escola universitaria. Universidade Autónoma do País Vasco.

Lorenzo Cruz, Alicia, profesora titular de escola universitaria. Universidade de Extremadura.

Cuevillas Matozzi, Ignacio F. de, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Cádiz.

Comisión suplente:

Presidente: Pérez Álvarez, Miguel Ángel, catedrático de universidade. Universidade da Coruña.

Secretario: Lois Fernández, Luis Felipe, profesor titular de escola universitaria. Universidade da Coruña.

Vocais:

Fisac de Ron, M. Paloma, catedrática de escola universitaria. Universidade de Santiago de Compostela.

Argudo Periz, José Luis, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Zaragoza.

Ortigosa Villen, José Miguel, profesor titular de escola universitaria. Universidade de Las Palmas de Gran Canaria.

Praza: catedrático de universidade.

Área de coñecemento: filosofía.

Praza nº: 01/069.

Comisión titular:

Presidente: Baliñas Fernández, Carlos A., catedrático de universidade. Universidade de Santiago de Compostela.

Secretario: Ortega Muñoz, Juan Fernando, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

Vocais:

Hernández-Pacheco Sanz, Javier, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Álvarez Domínguez, Isaac, catedrático de universidade. Universidade de La Laguna.

Reguera Pérez, Isidoro, catedrático de universidade. Universidade de Extremadura.

Comisión suplente:

Presidente: Maceiras Fafian, Manuel, catedrático de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

Secretario: Ramón Guerrero, Rafael, catedrático de universidade. Universidade Complutense de Madrid.